

ÁNGELES ALVARIÑO

Oceanógrafa, zooloxa e divulgadora científica

1941 - 1951

MADRID, FERROL E VIGO

Licenciouse en Madrid en 1941, e regresou a Ferrol para dar aulas de bioloxía, zooloxía, botánica e xeoloxía entre 1941 e 1948. Volveu a Madrid en 1948, e se incorpora como bolseira no Instituto Español de Oceanografía, comezando o seu interese polo zooplancto. Doutorouse en 1951, opositou e conseguiu unha praza no laboratorio vigués do Instituto Español de Oceanografía, onde continuou os seus estudos do plancto.

1916

Naceu en Ferrol en 1916. Iniciou os seus na súa cidade natal, e continuou a súa formación na Universidade de Santiago de Compostela, e posteriormente na de Madrid, onde cursou Ciencias Naturais. De volta a Ferrol, nos anos da Guerra Civil, interesouse polo estudo do litoral, comezando polo máis preto: a praia de Doniños.

1956 - 1969

MASSACHUSETTS E SAN
DIEGO

Conseguiu unha axuda da Comisión Fulbrigh para participar no estudo do zooplancto no Instituto Oceanográfico Woods Hole (WHOI) en Massachusetts.

Tras traballarno WHOI foi recomendada ao Instituto Oceanográfico Scripps de La Jolla (San Diego, California), e desde ese momento Alvariño exerceu case sempre a súa investigación nos Estados Unidos vencellada a ese centro ata 1969.

1953 - 1955

PLYMOUTH E VIGO

Entre 1953 e 1954 participou como investigadora convidada no centro de investigación mariño de Plymouth, onde participou en campañas oceanográficas a bordo de buques como o Sarsia, percorrendo augas do Atlántico e do Pacífico.

Volveu a Vigo en 1955, onde continuou tanto co estudo do zooplancto no litoral peninsular atlántico, mediterráneo e de Terranova, como co estudo da alimentación do bacallau.

1987 - 2005

ESTADOS UNIDOS

Ocupou o seu posto no Centro de Pesca do Suroeste ata o 1987, cando se xubila. Inda que, malia a estar xubilada, colaborou como científica emérita ata o 1993.

Faleceu en California en 2005-.

1970 - 1986

ESTADOS UNIDOS

En xaneiro de 1970 conseguiu a praza de bióloga investigadora no Centro Científico de Pesca do Suroeste dos Estados Unidos, onde continuou co estudo da ecoloxía de quetógnatos e sifonóforos no Pacífico e na Antártico, a depredación de zooplancto e a súa relación coa supervivencia de larvas de peixes.

Impartiu aulas en varias universidades desde 1976 a 1986, e chegou a ser a coordinadora de liñas de investigación oceánica dos países hispano-americanos entre o 1978 e 1979.